



## Acta de reunión

Órgano convocado	ACTA DA REUNIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO DÍA 07 DE ABRIL DE 2022								
Lugar de reunión	SALÓN DE ACTOS			Ordinaria	<input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria	<input type="checkbox"/>	Urxente	<input type="checkbox"/>
Nº de reunión	6_2021/22	Data	07-04-2022	Hora inicio	18:30	Hora remate	20:00		
Moderador/a	Director: Xosé Euloxio Santos Leites								
Secretario/a	Secretaria: Mercedes Couto García								
Propósito	<ul style="list-style-type: none"> <li>- 1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior.</li> <li>- 2. Información de resultados da 2ª Avaliación.</li> <li>- 3. Aprobación, se proceder, da renovación do Proxecto Lingüístico.</li> <li>- 4. Aprobación se proceder, da proposta de actividades para o 3º trimestre.</li> <li>- 5. Aprobación, se proceder, do horario de entrada para a ESO.</li> <li>- 6. Aprobación, se proceder, da participación no proxecto agrupación de centros educativo do MEC.</li> <li>- 7. Outras informacións: Proceso de matrícula, COVID-19...</li> <li>- 8. Rogos e preguntas.</li> </ul>								
Asistentes	<p>DIRECTOR: Euloxio Santos Leites.</p> <p>XEFES de ESTUDOS: Anxo Rodríguez Rodríguez., Ángel Suárez Ríos.</p> <p>SECRETARIA: Mercedes Couto García.</p> <p>PROFESORADO: Montserrat Paz Núñez, Santos Seara Escudero, Mª Jesús Magariños Rey, Mónica Rodríguez Nieto, Rosa Martín Bejarano, Mar Castrillón González, Ana Ojea Alonso.</p> <p>PAS : Ángeles Vázquez Salgado.</p> <p>PAIS/NAIS: Luisa Álvarez Zaragoza.</p> <p>ALUMNOS/AS: Nuno Lima Méndez, Víctor M. Alonso Alonso.</p> <p>CONCELLO: Gabriela Romero Bandeira.</p>								

## Temas tratados

No **primeiro punto** da orde do día, sométese a votación a acta do día 25 de xaneiro de 2022 remitida con anterioridade ao profesorado por correo electrónico. Apróbase por unanimidade.

No **segundo punto** da orde do día, o Director dá lectura e explica os resultados acadados polo alumnado da ESO, Bacharelato e FP na 2ª avaliación, dos que cabe destacar:

1º ESO: O alumnado que aproba todo (39,6%) é 2 puntos inferior ao curso pasado. O alumnado que suspende dúas ou menos materias (60%) é 8 puntos inferior ao primeiro trimestre.

2º ESO: O alumnado que aproba todo (41%) e o que suspende dúas ou menos materias (60,6%) son similares ao primeiro trimestre.

3º ESO: O alumnado que aproba todo (49%) é 13 puntos superior ao trimestre pasado. O alumnado que suspende dúas ou menos materias (70,5%) é 9 puntos superior ao primeiro trimestre.

4º ESO: O alumnado que aproba todo (43,1%) mellora en 2 puntos ao primeiro trimestre. O alumnado que suspende dúas ou menos materias (66%) é 5 puntos superior ao do trimestre pasado.

1º BACHARELATO:



ARTES: O alumnado que aproba todo ( 24%) mellora en 4 puntos ao primeiro trimestre. O alumnado que suspende dúas ou menos é do 51,3%, mellora en dous puntos.

CIENCIAS: O alumnado que aproba todo (28,3%) é 2 puntos inferior ao do trimestre pasado. O alumnado que suspende dúas ou menos materias (54,7%) é 2 puntos superior ao pasado.

2º BACHARELATO:

ARTES: O alumnado que aproba todo (26,5%) é 4 puntos superior ao do trimestre pasado. O alumnado que suspende dúas ou menos materias (55%) é 2 puntos inferior.

CIENCIAS: O alumnado que aproba todo (37,1%) é 2 puntos inferior ao do trimestre pasado. O alumnado que suspende dúas ou menos materias (64,1%) é 2 puntos inferior.

FP Básica: No primeiro curso aproban todo o 11,7%, empeoran en 24 puntos os resultados obtidos no trimestre pasado. Melloran en 17 puntos o alumnado que suspende dous ou menos módulos (64,7%).

No segundo curso, o alumnado que aproba todo (44,4%) mellora en 10 puntos os resultados do trimestre pasado. O alumnado que suspende é con dous materias (100%).

Prodúcese un debate sobre o fracaso debido as excesivas faltas de asistencia no bacharelato e sobre as posibles medidas para atallalo.

No **terceiro punto** da orde do día, o Director informa que neste curso corresponde renovar o Proxecto Lingüístico do centro. Feitas as correccións oportunas, sométese á votación. Apróbase por unanimidade.

No **cuarto punto** da orde do día, infórmase do calendario de actividades complementarias e extraescolares para o 3º trimestre, que se aproba por unanimidade e facúltase á Dirección para decidir a inclusión de outras actividades que poidan ser de interese.

No **quinto punto** da orde do día, o Director informa da proposta feita na CCP para que o alumnado da ESO recupere o horario de entrada ás 09:00 h. da mañán en lugar das 09:10h, debido á mellora da situación respecto á COVID-19. Isto conleva modificar o Plan de Continxencia vixente no centro, polo que se require a aprobación do CE. Sometida a votación, apróbase por unanimidade.

No **sexto punto** da orde do día o Director informa da convocatoria da Secretaría de Estado de Educación, na que se convocan axudas destinadas a promover a agrupación de centros educativos para a realización e posta en práctica de proxectos comúns que favorezan a educación inclusiva e a innovación educativa. A profesora Mónica Rodríguez Nieto expón a súa intención de participar nesta convocatoria para a cal é necesaria a aprobación do Consello Escolar. Apróbase por unanimidade.

No **sétimo punto** da orde do día, o Director informa da resolución do expediente disciplinario aberto a un alumno da ESO. Suscítase un debate sobre a forma de levar o expediente de acoso aberto no seu día e os retrasos no mesmo, concluíndo que, efectivamente, houbo fallos de tódalas partes na primeira parte do procedemento e acéptase a proposta de estudar unha posible adaptación do protocolo da Consellería ao centro.

No **oitavo punto** da orde do día, o Director informa das seguintes cuestións:

**Orde de 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación.** Faise necesario modificar a Concreción Curricular no centro, en todo o que ten que ver co calendario de avaliación así como en materia de promoción, titulación e matrículas de honra. Suspendese a convocatoria extraordinaria da ESO e pasa esta convocatoria ao mes de xuño para os outros niveis. Infórmase sobre a proposta realizada.

**Oferta de ensinanzas para o curso 2022/23.** A falta de definir os currículos de 1º e 3º da ESO e 1º de Bacharelato, o Director informa que nos demais cursos proporase manter a oferta existente.



En **rogos e preguntas**, fórmulanse os seguintes:

O Director informa sobre a situación COVID-19 no centro.

A nai Luisa Álvarez realiza as seguintes preguntas:

**Sobre os criterios para elaborar os desdobres nas diferentes materias.** Unha vez aclarado por parte do Xefe de Estudos, acórdase que no futuro se apliquen os mesmos criterios que para a elaboración de grupos.

**Sobre o xeito de ofertar as materias optativas.** Respóndeselle que estas son aprobadas cada curso pola Comisión de Coordinación Pedagóxica.

**Sobre cal é o protocolo que se segue no caso dunha convocatoria de folga de alumnado.** Explícase que o dereito á folga só existe para o alumnado de 3º da ESO en diante. O alumnado de 1º e 2º non teñen ese dereito, agás que as súas familias decidan non envialos a clase e lle xustifiquen as faltas.

E non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizado o Consello Escolar sendo ás 20:00 horas e levántandose esta acta para dar constancia dos acordos adoptados.

#### **Acordos**

- Aprobación da renovación do Proxecto Lingüístico do centro.
- Aprobación das actividades complementarias e extraescolares para o terceiro trimestre.
- Aprobación da participación no programa da Secretaría de Estado de Educación, destinado a promover a agrupación de centros educativos para a realización e posta en práctica de proxectos en común que favorezan a educación inclusiva e a innovación educativa.

Visto e prace moderador  
Euloxio Santos Leites

A secretaria  
Mercedes Couto García